

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE XANEIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba a modificación do Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra de estabilización de varios noiros no porto de Maniños-Barallobre.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da contratación, polo procedemento aberto e suxeita á regulación harmonizada, do servizo consistente no apoio á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas para a elaboración de diversos estudos, análises e documentos relacionados coa elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por parte da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 145 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela B2 da unidade de actuación Norte1-Norte 2, Garabolos (Lugo).
- Acordo polo que se determinan os ingresos para acceder ás vivendas protexidas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva do material e a cesión do equipamento para a realización de terapias continuas de depuración extracorpórea para áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, mediante acordo con varias empresas por un valor estimado de seis millóns setecentos dezaseis mil cincuenta e oito euros con un céntimo (6.716.058,01 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Soutomaior a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo mediante mutación demanial para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Teo, a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas concedidas e denegadas para a reestruturación e reconversión da viña en Galicia da convocatoria de 2024.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a resolución de concesión de subvencións ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual, por un importe de dez millóns cento corenta e oito mil oitocentos doce euros con sesenta e dous céntimos (10.148.812,62 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o Programa de capacitación en competencia dixital, a través da actividade DIXICAMP.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a evolución da escolarización na etapa 0-3 anos en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego de detección precoz do cancro de colorrectal. Resultados 2013-2023.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a nova convocatoria de axudas para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas para o exercicio 2025.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais e das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA UNHA PARTE DOS SEUS MEMBROS ATENDENDO Á NORMATIVA QUE O REGULA

O Consello da Xunta de Galicia avala a continuidade de 14 conselleiros deste órgano consultivo en materia educativa e a substitución de 10 por petición das organizacións que representan

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao decreto de renovación, por metades, dos conselleiros de cada un dos grupos que integran este órgano consultivo en materia educativa onde están representados os docentes, as familias, as organizacións sindicais, a Administración, a universidade, a Administración local e persoas de recoñecido prestixio, entre outros.

Este decreto, co que se dá cumprimento á normativa que regula o dito consello, implica a renovación do mandato de 14 conselleiros e a substitución doutros 10 por petición das organizacións que as representan.

As persoas que cesan no seu posto son Paula Carreiro Prieto, pola Federación de Traballadores do Ensino-UXT, que será substituída por Emilio Pallarés Álvarez; Rodolfo Castro Fernández, da FSIE-Galicia, que deixa o seu lugar a Yolanda Benito de Tapia, e José Antonio Moar Armas, da Federación de Centros de Ensinanza Privada, substituído por Ignacio Gay Irago.

Así mesmo, María do Carme Fouces Díaz, Manuel Prado López, José Luis Oujo Pouso, Rubén Prol Mariño e Gorka Gómez Díaz, pertencentes á Administración local, serán relevados por Manuel Fariña Souto, José Ignacio Borrego Vázquez, Marisol Morandeira Morandeira, María Olga Alonso Suárez e Xosé Carlos Valcárcel Doval.

En representación da universidade, Carme Sarceda Gorgoso deixa o cargo e collerá o relevo María del Mar Lorenzo Moledo. Finalmente, Aurora Patiño Doval, da Consellería de Política Social, será substituída por María Quintiana Pérez.

A incorporación de novos membros referencia o compromiso deste órgano, que integra todos os sectores implicados na educación non universitaria en Galicia. Os designados asumirán as súas responsabilidades co obxectivo de seguir impulsando a educación.

Mandato por catro anos

Ademais, renovan o seu mandato por catro anos 14 conselleiros que xa viñan ostentando a representación das súas respectivas entidades.

O Consello Escolar de Galicia creouse en 1986 como foro de reflexión, expresión e achega de ideas dos representantes de todos os sectores sociais na política educativa de Galicia. Este órgano colexiado traballa para estimular, impulsar, canalizar e modernizar as fórmulas de participación da sociedade na educación na procura dunha mellor e maior calidade do ensino en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA O CATÁLOGO DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS QUE INCORPORA A AC-12 PARA FACILITAR OS ACCESOS AO NOVO CHUAC DA CORUÑA E O NOVO TREITO DA AUTOVÍA DA PLISAN

- O Executivo autonómico aproba o decreto polo que estas vías adquiren a condición de estradas de titularidade da Xunta, que acada os preto de 5.500 quilómetros
- Trátase do treito da vía estatal na intersección da avenida de Oza coa vía de servizo ata pasado o enlace na Ponte Pasaxe, cuxa titularidade asumiu a Xunta para executar os accesos ao novo CHUAC, que suporán un investimento de 24,2 M€
- Engádese na AG-51, a autovía da PLISAN, a zona aberta ao tráfico recentemente

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á modificación do Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

No decreto aprobado hoxe recóllese a incorporación no Catálogo de estradas de titularidade autonómica o treito da vía estatal AC- 12, entre os puntos quilométricos 1+600, na intersección da avenida de Oza coa vía de servizo, e o 4+160, pasado o enlace da AC-11 na Ponte Pasaxe, cuxa titularidade foi asumida pola Administración autonómica para facilitar os accesos ao novo hospital público da Coruña, o novo CHUAC, que suporán un investimento de máis de 24,2 M€.

Desde a última modificación do catálogo da rede autonómica, aprobada polo Decreto 30/2023, do 30 de marzo, súmase tamén o novo treito da AG-51, na autovía da PLISAN. Trátase do treito recentemente aberto ao tráfico, entre o enlace de Leirado coa estrada PO-402 (no quilómetro 2+300) e a PLISAN (quilómetro 4+530) da AG-51 saída 291 Lira (A-52)–PLISAN.

O catálogo da rede autonómica de estradas foi aprobado polo Decreto 100/2021, do 24 de xuño, que no punto 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, prevé a modificación dos catálogos de estradas e dos inventarios de travesías, entre outros supostos previstos regulamentariamente: o cambio de titularidade de estradas, travesías ou treitos delas, ou a construción de novas estradas ou de novos treitos das estradas existentes.

A antedita Lei 8/2013 establece os catálogos da Rede Autonómica de Estradas como os instrumentos públicos que serven para identificar, inventariar, clasificar e, se for o caso, categorizar funcionalmente as estradas das redes de cada Administración titular. Tamén establece que as respectivas modificacións do catálogo serán aprobadas polo Consello da Xunta mediante decreto, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, competente en materia de estradas.

O decreto aprobado hoxe no Consello da Xunta, polo que os citados treitos da AC-12 e da AG-51 e a autovía da PLISAN adquiren a condición de estradas de titularidade da Xunta, e que fai precisa a modificación do Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Case 5.500 quilómetros de vías de titularidade da Xunta de Galicia

O catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia contén a clasificación das autoestradas, autovías, vías para automóviles e estradas convencionais, a súa denominación, os puntos inicial e final de cada un dos treitos e a súa respectiva lonxitude, e a súa representación gráfica.

Este rexistro tamén categoriza funcionalmente as estradas en rede estruturante, complementaria e local. Dos 5.478,61 quilómetros totais, 1.132,80 pertencen á primeira, 1.362,19 á segunda e 2.803,62 á terceira.

Esta división fundaméntase na categoría dos núcleos urbanos ou centros de actividade aos que serve, así como na función que desempeña en relación coa ordenación do territorio e o sistema de transporte. Esta categorización apóiase na xerarquía que as Directrices de ordenación do territorio establecen para os núcleos de poboación galegos.

A rede estruturante está formada polos grandes eixes autonómicos que, xunto coa Rede de Estradas do Estado, vertebran o territorio e conectan con Portugal, Asturias e Castela e León: os espazos urbanos, os nodos do sistema urbano intermedio, os aeroportos e os portos de interese xeral do Estado.

A rede complementaria está integrada polas estradas autonómicas que, xunto coa rede de estradas do Estado e a rede estruturante, conectan os nodos para o equilibrio do territorio. Ademais, son as que constitúen o principal acceso aos parques empresariais e ás estacións de ferrocarril de alta velocidade, cando non se acceda a través doutras estradas.

A rede local está formada por todas as estradas autonómicas non incluídas na rede de estradas do Estado, na rede estruturante ou na rede complementaria.

Planos das estradas AC-12 e treito da AG-51, respectivamente, que se incorporan ao Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia:


Treito da AC-12:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito da AG-51:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA A ESTRUCTURA E AS FUNCIÓNS DO OBSERVATORIO DO SECTOR LÁCTEO GALEGO PARA AUMENTAR A INFORMACIÓN DISPOÑIBLE, A TRANSPARENCIA E A CALIDADE NA PUBLICACIÓN DOS DATOS

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe ao novo Decreto da Consellería do Medio Rural que regula este órgano colexiado de asesoramento, consulta e análise do sector lácteo para dotalo de ferramentas para a toma de decisións empresariais e de estratexia do mercado
- O Observatorio funciona dende a súa creación no ano 2007, pero o tempo transcorrido e os cambios experimentados na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos, aconsellan adaptalo á realidade actual
- Unha das novidades salientables, canto ás funcións do Observatorio, é o feito de engadir entre elas o estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais, pola importancia que esta materia ten no tecido do sector lácteo e na determinación dos prezos

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural que regula a nova estrutura e o sistema de funcionamento do Observatorio Lácteo de Galicia, co fin de aumentar a cantidade de información dispoñible, a transparencia e a calidade na publicación de datos. Trátase de mellorar este órgano colexiado de asesoramento, consulta e análise do sector lácteo para dotalo de ferramentas para a toma de decisións empresariais e de estratexia do mercado.

O Observatorio vén funcionando dende a súa creación no ano 2007, pero o tempo transcorrido dende aquela e os cambios experimentados nestes anos na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos a nivel nacional e internacional, aconsellan adaptalo á realidade actual.

Con este fin, a norma aprobada hoxe cambia a composición do observatorio para acoller todos os elos da cadea de valor do leite: produción, industria, distribución e consumo. Así mesmo, redefine as funcións da Presidencia, da Secretaría e das vogalías que o conforman (21 en total). Neste sentido, cómpre destacar a incorporación a unha das vogalías da organización de produtores lácteos de Galicia con maior representatividade. Esta incorporación obedece á necesidade de que no observatorio figuren representados todos os sectores que traballan directa ou indirectamente no sector lácteo.

Ademais, co fin de fortalecer o seu funcionamento ordinario, permítese a creación de grupos de traballo coa participación de persoas expertas no sector lácteo alleas ao observatorio. Outra das novidades salientables, canto ás funcións do Observatorio, é o feito de engadir entre elas o estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais, pola importancia que esta materia ten no tecido do sector lácteo e na determinación dos prezos. Así, entre as funcións deste órgano engádese explicitamente

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a do “estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais entre os distintos elos da cadea alimentaria”.

Xuntanzas do Pleno

Así mesmo, establécese un período máis amplo entre cada xuntanza ordinaria do Pleno do Observatorio (pásase das trimestrais a unha de carácter anual), para poder contar con datos consolidados á hora de exercer as funcións atribuídas ao Observatorio. Con todo, prevese a posibilidade de que se poidan organizar as reunións que fosen precisas, sen someterse a esta periodicidade, en sesións extraordinarias.

O sector lácteo é un motor da economía agraria galega con máis de 2,9 millóns de toneladas producidas ao longo do ano 2023, que acadaron un valor superior aos 1.500 millóns de euros pagados aos produtores e produtoras de Galicia. Co fin de dotar este sector dunha ferramenta de planificación estratéxica e que achegue transparencia e información dun xeito eficaz, faise preciso impulsar, mediante unha nova regulación, o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 185.000 € NA ESTABILIZACIÓN DOS NOIROS DA CONTORNA DA LONXA DE BARALLOBRE, EN FENE

O Consello da Xunta declarou a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos en que se executarán as obras que ampliarán o espazo perimetral ao edificio da rula e aumentarán a seguridade para o tránsito de persoal ou de maquinaria

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, investirá 185.000 euros nas obras de estabilización dos noiros da contorna da lonxa de Barallobre, no municipio coruñés de Fene. Para avanzar na tramitación deste proxecto, o Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución destes traballos.

As obras consisten na estabilización dos noiros laterais e posterior á lonxa de Barallobre, aumentando o seu recuamento con respecto ao dito edificio. Estes traballos permitirán aumentar o espazo no perímetro da lonxa e crearán unha zona circundante de paso con mellores condicións de seguridade para o persoal e a maquinaria. Ademais, mellorarase o illamento da lonxa, evitando humidades ou filtracións de auga.

A Xunta de Galicia investirá nesta actuación 185.000 euros, dos que 178.000 corresponden ao orzamento das obras previstas e 7.000 euros ao pagamento da expropiación dos 1.400 metros de superficie necesarios para a execución dos traballos. O prazo de execución previsto para as obras é de 6 meses.

O procedemento de expropiación forzosa con identificación das cinco parcelas afectadas someteuse á información pública no mes de outubro e, para continuar coa súa tramitación, requírese a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos de referencia por parte do Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO NOVO PLAN SECTORIAL EÓLICO E POÑERÁ EN MARCHA DÚAS MESAS DE TRABALLO COS AXENTES SOCIAIS E CO SECTOR

- Salienta que se busca “actualizar” a actual folla de ruta, “elaborada hai máis de 20 anos” e que a previsión é ter un borrador “no segundo semestre” deste 2025
- O futuro plan permitirá avanzar no abaratamento da factura eléctrica a empresas e consumidores galegos, continuando co esforzo do Goberno galego por garantir que a xestión da riqueza do patrimonio natural se traduza tamén en riqueza social, en liña coa Lei de recursos naturais de Galicia
- O novo documento revisará e actualizará as actuais áreas de desenvolvemento eólico consonte coas áreas de desenvolvemento industrial e tendo en conta as zonas de protección ambiental e o desenvolvemento urbanístico
- A conselleira de Economía indica que o novo documento estará listo “no prazo de tres anos”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o inicio da tramitación do novo Plan sectorial eólico de Galicia (PSEG) coa finalidade de “actualizar” o documento actual, “elaborado hai máis de 20 anos”. “A previsión é licitar o contrato para a súa redacción no primeiro semestre deste ano”, indicou.

Este Plan en liña coa nova Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e coas iniciativas incluídas na Lei de medidas, permitiralle ao Goberno galego seguir avanzando no despregamento desta fonte de enerxía renovable ao tempo que se abarata o prezo eléctrico para as empresas e os consumidores galegos. O presidente asegurou que se enmarca no obxectivo de Galicia de “apostar polas enerxías limpas” que supoñen “unha oportunidade” que a comunidade non “pode deixar pasar”.

Así mesmo, e de xeito paralelo, Rueda indicou que a Xunta “porá en marcha dúas mesas de traballo” cos axentes sociais e coas entidades do sector co fin de consensuar os principais puntos que deberá integrar o novo plan.

A elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia obedece á necesidade de adaptar a realidade galega ás últimas modificacións legislativas europeas ao tempo que se dota de seguridade xurídica adicional o desenvolvemento enerxético na Comunidade. Así mesmo, o futuro PSEG revisará e actualizará as actuais áreas de desenvolvemento enerxético coas áreas de desenvolvemento industrial, atendendo tamén ás zonas de protección ambiental e ao desenvolvemento urbanístico.

A nova ferramenta de ordenación do sector eólico galego incluírá entre as directrices básicas nas que se vai asentarse un dos obxectivos irrenunciábles para o Goberno galego: a diminución do custo da factura eléctrica dos galegos e das galegas, tanto dos consumidores como das empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco, está prevista a posta en marcha de dúas mesas de traballo: unha coas entidades máis representativas do sector eólico na Comunidade e, no marco do diálogo social, crearase un grupo de traballo específico sobre eólica que dependerá da Mesa da Industria. En ambos os foros se traballará ao redor de varios eixos, entre eles:

- Posibilidades de creación dunha industria de compoñentes
- Análise das zonas con potencial eólico
- Repercusións da repotenciación nos propietarios dos terreos afectados
- Redución dos custos enerxéticos para os consumidores
- Reconversión do sector: mantemento e creación de postos de traballo

Tal e como explicou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, coa tramitación iniciada hoxe, Galicia poderá contar cun novo plan sectorial “no prazo de tres anos”. Un procedemento transparente, aberto á cidadanía e que require de avaliación ambiental estratéxica e consulta e audiencia a todos os posibles actores interesados no procedemento.

O vixente Plan sectorial eólico de Galicia foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 5 de decembro de 2002 (modificado polo Acordo do Consello da Xunta do 2 de xuño de 2005). Tal e como explicou Lorenzana, neste período, a evolución da tecnoloxía eólica foi moi significativa, o que modifica substancialmente o potencial aproveitable en Galicia con respecto ao que se consideraba no momento da súa aprobación. “Os 190 parques en funcionamento teñen unha potencia de 3.901 Mw, o que sumados aos que están en tramitación indica que estamos a piques de superar o obxectivo marcado no Plan actual”, indicou Lorenzana, quen explicou que Galicia “ten capacidade suficiente para unha maior potencia”.

Asemade, como indicou Rueda, o novo PSEG contará, consonte a normativa actual, “con avaliación ambiental estratéxica”, o que suporá unha maior garantía ambiental para a cidadanía e para os promotores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUZ VERDE AO PRIMEIRO CONTRATO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA PARA 145 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN GARABOLOS, EN LUGO

- A Xunta investirá máis de 1 M€ de fondos propios na contratación da redacción do proxecto para a construción de 145 novas vivendas, das que o 25 % serán destinadas en exclusiva á compra de xente moza
- Trátase do terceiro proxecto que o Goberno galego está a impulsar neste barrio da cidade, onde está xa en marcha a contratación das obras para a construción de 146 vivendas de promoción pública por un investimento de 28,2 M€
- O Goberno galego segue avanzando para cumprir o reto da lexislatura de duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do primeiro contrato da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), para a redacción do proxecto para a construción de 145 vivendas de promoción pública (VPP) en Garabolos, no concello de Lugo, por un importe de máis de 1 millón de euros, financiados integramente con fondos propios.

Esta licitación ten por obxecto a adxudicación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 145 novas vivendas, garaxes, rochos e locais na parcela B2 de Garabolos, que conta cunha superficie de 2.421 m² e cuxas obras de urbanización foron tamén levadas a cabo pola Xunta.

Nesta promoción de 145 vivendas, o 25 % das novas vivendas reservárase á compra en exclusiva dos menores de 36 anos, promovendo a súa emancipación.

Trátase do terceiro proxecto que a Xunta está a impulsar neste barrio da cidade de Lugo, tras ter xa en marcha a contratación das obras de construción de dous grupos que suman un total de 146 vivendas de promoción pública en Garabolos, licitadas o pasado 8 de xaneiro, e que suporán un investimento de 28,2 M€.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

O Goberno galego segue a manter o ritmo de traballo no desenvolvemento da construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, que no caso da cidade de Lugo permite seguir traballando tamén en darlle un pulo definitivo á rehabilitación do barrio da Tinería, no emblemático casco histórico da cidade.

A Xunta, a través de Vipugal, avanza ademais no obxectivo de promover na comunidade 2.350 vivendas públicas ata o 2028, para, conxuntamente coas impulsadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), acadar o reto de chegar ás

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

4.000 novas vivendas públicas nesta lexislatura. Neste sentido, a Xunta ten xa máis de 1.700 vivendas en distintas fases de execución.

Ao tempo, o Goberno galego xa ten despregada a primeira fase de execución da Estratexia galega de solo residencial, co obxectivo de facilitar solo para a construción de 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas, e das que arredor de 1.200 se prevén en Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA OS LÍMITES MÁXIMOS DOS INDICADORES IPREM PARA QUE MÁIS FAMILIAS ACCEDAN A VIVENDAS PROTEXIDAS

- Modifícanse os tramos actuais do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (Iprem) de modo que os límites de ingresos para o acceso á vivenda protexida sexan superiores ao salario medio en Galicia, para favorecer o acceso a máis familias
- O teito de renda para o acceso dunha parella cun fillo á unha vivenda de promoción pública (VPP) ou Vivenda de Protección Autonómica (VPA) de réxime especial se sitúa hoxe en 2,5 veces o Iprem: o que supón uns ingresos máximos anuais brutos de 26.250 €; límite que se incrementará ata 3 veces o Iprem: 31.500 € (2.625€ mensuais brutos)
- No caso de VPA de réxime xeral estes importes máximos de renda anual, para a mesma tipoloxía de familia e mesmo tipo de inmovible, pasará dos 47.250€ brutos aos 52.500€ anuais
Manterase o tramo de ingresos ponderados para o acceso á VPA en réxime concertado, de ata 6,5 veces o Iprem, 68.250€ brutos anuais
- Este acordo terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta acordou hoxe a modificación dos límites máximos de ingresos das familias para acceder ás Vivendas de Promoción Pública (VPP) e ás distintas tipoloxías de Vivendas de Protección Autonómica (VPA), promovidas por promotores privados e cualificadas como protexidas, ben de réxime especial, xeral ou concertado, para dar resposta ás necesidades actuais e seguir dándolle pulo ao compromiso de poñer á disposición de máis persoas máis vivenda.

A pretensión do Goberno galego é que os límites de ingresos para o acceso á vivenda protexida sexan, en todos os casos, sensiblemente superiores ao salario medio en Galicia, co obxecto de favorecer o acceso a estas vivendas a máis familias. Segundo os últimos datos oficiais dispoñibles, o salario bruto medio en Galicia sitúase nos 2.136 euros bruto.

Aos efectos de acomodar o esforzo das familias para o acceso á vivenda, tanto en compra como en alugueiro, e facilitar o financiamento por parte das entidades financeiras, o Goberno galego modifica os tramos actuais de ingresos máximos para o acceso a unha vivenda protexida, de tal xeito que incrementa este tope, que varía segundo os diferentes tipos de protección das mesmas.

Actualmente, o teito de renda para unha unidade familiar para o acceso á unha VPP sitúase en 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (Iprem), límite que se incrementa coa modificación autorizada hoxe dese tope, que pasará agora a ser de 3 veces o Iprem.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con respecto ás VPA de réxime especial, o límite máximo do Iprem increméntase tamén en medio punto, pasando de 3 a 3,5; e pasando ademais do 4,5 ata 5 veces o Iprem nas vivendas de réxime xeral. Mantense o tramo de ingresos ponderados para o acceso ás VPA de réxime concertado, en ata 6,5 veces o Iprem.

Para que unha parella cun fillo poda adquirir unha VPP ou unha VPA de réxime especial, o Iprem actual fixa os ingresos máximos anuais brutos en ata 26.250 euros. Co acordo tomado hoxe polo Executivo autonómico, e a modificación dos tramos de ingreso, esa mesma unidade familiar para a adquisición da mesma vivenda, acadará os 31.500 euros anuais brutos (2.625 € mensuais brutos).

No caso de VPA de réxime xeral, estes importes no teito de renda, para a mesma tipoloxía de familia e mesmo tipo de inmovible, pasará dos 47.250 euros brutos anuais aos 52.500 euros bruto anuais

Ademais, mantense o tramo de ingresos ponderados para o acceso á VPA en réxime concertado, que se sitúa ata 6,5 veces o Iprem, 68.250 euros brutos anuais.

O acordo acadado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación *no Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE MATERIAL E EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE TERAPIAS CONTINUAS DE DEPURACIÓN EXTRACORPÓREA POR 3,6 M€

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, un paso máis na materialización dos plans de compras integradas do Servizo Galego de Saúde
- As técnicas continuas de depuración extracorpórea son un conxunto de terapias que purifican o sangue 24 horas ao día os sete días da semana en casos de insuficiencia renal
- Estímase un aforro de 1,1 millóns de euros para os catro anos de vixencia do contrato, incluídas as posibles prórrogas

O Executivo galego autorizou hoxe a contratación, mediante acordo marco, da subministración sucesiva de material e posta á disposición de equipamento para a realización de terapias continuas de depuración extracorpórea con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un período de dous anos e un importe de 3.627.302 euros.

O valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas por outros dous anos máis, ascende a 6,7 millóns de euros.

Unha das complicacións máis frecuentes nas unidades de críticos é a insuficiencia renal ou fracaso renal agudo. Trátase dunha síndrome grave que se define como unha deterioración brusca da función renal e entre os tratamentos dela están as técnicas continuas de depuración extracorpórea, que son un conxunto de terapias que purifican de maneira extracorpórea o sangue 24 horas ao día os sete días da semana.

As modalidades de depuración extracorpórea continua son a ultrafiltración, hemofiltración, hemodiafiltración e hemodiálise venovenosa continua.

Para levar a cabo estes procedementos é necesario contar con catéteres que permitan un bo acceso vascular, circuítos e filtros específicos para cada monitor de depuración, monitor de depuración extrarrenal e líquidos de reposición e diálise.

Compra centralizada

Trátase da primeira compra centralizada do Servizo Galego de Saúde deste tipo de material, seguindo a liña iniciada polo departamento sanitario galego.

Con esta licitación centralizada estímase un aforro de 1,1 millóns de euros para os catro anos de vixencia do contrato, incluídas as posibles prórrogas, polo que se mellora a sostibilidade do sistema sanitario público galego, á vez que se homoxeneiza a atención sanitaria a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde.

.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACEPTA OS TERREOS PARA QUE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CONSTRÚA UN NOVO CENTRO SANITARIO EN SOUTOMAIOR, CUN INVESTIMENTO PREVISTO DE 3,4 M€

- Triplicará o espazo do actual e crearanse oito novas consultas
- A parcela cedida polo concello supera os 7.600 m² e permitirá mellorar os accesos e contar cun aparcadoiro maior
- O novo Centro de Saúde de Soutomaior atenderá máis de 5.600 persoas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a aceptación dos terreos cedidos polo Concello de Soutomaior ao Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro sanitario nesta localidade, que suporá un investimento previsto de 3,4 millóns de euros e triplicará as dimensións do actual Centro de Saúde de Arcade.

A nova infraestrutura acadará os 1.500 metros cadrados de superficie construída e substituirá o antigo Centro de Saúde de Arcade, que soamente conta con 480 m². Deste xeito, a Xunta dotará Soutomaior dun novo centro de saúde máis amplo e moderno e que mellorará as prestacións sanitarias, tanto para os seus usuarios como para os profesionais que desempeñan o seu labor nel.

O inmovible substituirá o actual Centro de Saúde de Arcade. Asentarase nunha parcela da parroquia de Soutomaior de 7.650 metros cadrados, o que posibilitará mellorar tamén os accesos ao centro de saúde e dotalo dun aparcadoiro máis amplo.

Así mesmo, o plan funcional deseñado pola Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés para este novo centro de saúde recolle o incremento de tres consultas de medicina (ata as cinco), tres de enfermería (ata cinco), unha sala de técnicas, unha sala polivalente e unha sala de xuntas, e a ampliación da sala de educación sanitaria. En total, ademais da sala de xuntas de persoal, contará con oito consultas máis con respecto á actualidade.

Tamén se creará unha sala de espera diferenciada na área maternoinfantil, que actualmente non existe.

O Servizo Galego de Saúde ten previsto dispoñer do proxecto básico e de execución da obra na primeira metade do ano 2026 para, posteriormente, licitar e adxudicar os traballos de construción.

O novo centro de saúde atenderá as máis de 5.600 persoas que contan con tarxeta sanitaria en Soutomaior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 137 centros de atención primaria, investindo máis de 175 millóns de euros no seu compromiso por mellorar a calidade do primeiro nivel asistencial da rede sanitaria pública galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA OS TERREOS CEDIDOS POLO CONCELLO DE TEO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO ESTIMADO DE 4,3 M€

- O Concello achega unha parcela de 10.539 metros cadrados para construír unha infraestrutura de atención primaria que disporá de máis de 1.800 m² de superficie
- Ademais de mellorar a calidade da atención asistencial dos veciños, o novo centro de saúde tamén posibilitará ampliar a súa carteira de servizos
- A celeridade coa que o Concello cedeu uns terreos axeitados para erguer a nova edificación posibilitará que a veciñanza de Teo poida contar cunha mellor infraestrutura sanitaria antes do previsto

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aceptar a cesión dos terreos cedidos por parte do Concello de Teo para que o Servizo Galego de Saúde constrúa un novo centro de saúde nesta localidade. O Executivo galego prevé realizar un investimento estimado ao redor dos 4,3 millóns de euros para a construción desta nova infraestrutura sanitaria.

A parcela que albergará o inmovible conta cunha extensión de 10.539 metros cadrados e sitúase no lugar da Ramallosa. Así, está previsto que o novo centro de saúde conte cunha superficie que superará os 1.800 m².

A construción deste centro sanitario permitirá achegar unha mellor atención asistencial ao conxunto da poboación teense, ao vérense ampliadas tanto as súas dimensións como a súa carteira de servizos. O novo inmovible substituirá os actuais centros de saúde de Cacheiras e de Pontevea e posibilitará unha mellor planificación do seus cadros de persoal ao concentrar a súa actividade.

Unha vez se dispoña da escritura de cesión do terreo, procederase á licitación da redacción do proxecto. A Xunta agarda contar co proxecto básico e de execución da obra na primeira metade do ano 2026 para, posteriormente, licitar e adxudicar a súa construción.

De acordo co Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria da Xunta de Galicia, a construción do novo centro de saúde encádrase na fase 2 da dita planificación. Non obstante, a celeridade con que o Concello cedeu uns terreos axeitados para erguer a nova edificación posibilitará que os veciños de Teo poidan contar con esta infraestrutura sanitaria antes do previsto.

O novo centro de saúde de Teo estará dotado con 16 consultas de adultos, unha área de saúde bucodental, un despacho de traballador/a social, dúas salas de técnicas, unha de urxencias, unha sala de toma de mostras e unha sala de espera de extraccións, unha área de atención de pediatría con dúas consultas, unha consulta de matrona, unha de enfermería pediátrica, unha sala de observación, unha sala de docencia e unha zona de vestiario de pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xa que logo, o plan funcional deseñado para este novo centro de saúde recolle o incremento de dúas consultas de medicina, dúas de enfermería, unha de farmacia e unha sala de técnicas, unha área de saúde bucodental, así como un despacho de traballador/a social.

Ademais, na área de pediatría ampliarase o número de consultas de unha a dúas, e dotarase o centro cunha sala de enfermería pediátrica e unha sala de observación. Tamén disporá dunha sala destinada á docencia, unha zona de vestiario de pacientes e dous despachos para a coordinación e atención ao usuario.

Nos últimos 15 anos, a Xunta construíu ou reformou un total de 137 centros de atención primaria, investindo máis de 175 millóns de euros no seu compromiso por mellorar a calidade do primeiro nivel asistencial da rede sanitaria pública galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIA AS PERSOAS VITICULTORAS GALEGAS CUN INVESTIMENTO DE 3,1 M€ A TRAVÉS DAS AXUDAS PARA A REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DO VIÑEDO

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a resolución da convocatoria anual destas achegas, que teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e avanzar na súa sustentabilidade
- A convocatoria de 2024 resolveuse favorablemente para 172 persoas viticultoras titulares das explotacións vitícolas, tanto as que xa as veñen xestionando como as futuras, cun beneficio xeral para todo o sector vitícola
- No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para 1.083 persoas beneficiarias no marco destas achegas, permitindo actuar nunha superficie de 1.518 hectáreas

O Consello da Xunta deu conta hoxe da resolución da convocatoria de 2024 para as achegas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia, coas que se beneficiarán 172 persoas viticultoras para actuar en 237 hectáreas cun investimento de 3,1 millóns de euros. A resolución coas persoas beneficiarias da convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia* previsiblemente antes de que remate o mes de xaneiro.

As axudas á reestruturación e reconversión do viñedo son estratéxicas para a nosa Comunidade, coa principal finalidade de incrementar a competitividade das explotacións vitícolas. Fano mediante os reaxustes estruturais necesarios do viñedo galego para que se diminúan os custos de produción das explotacións, nas cales hai un gran predominio do minifundio. Tamén coas melloras técnicas da xestión dos viñedos galegos que contribúan a redimensionar as explotacións e cos reaxustes varietais necesarios para favorecer a orientación ao mercado. Deste xeito, adáptanse as producións á demanda á vez que se preservan as viníferas autóctonas galegas de menores rendementos e elevada calidade diferenciada, aproveitando así a gran vantaxe competitiva que supón a súa diferenciación nun mercado cada vez máis globalizado.

Neste sentido, con estas axudas búscase perfeccionar o cultivo da vide en Galicia para reducir custos e orientarse mellor aos diferentes mercados, potenciando o grao de profesionalización cos conseguintes beneficios económicos para este tipo de explotacións, ao tempo que se promove a remuda xeracional.

Beneficiarios

A convocatoria de 2024 resolveuse con 172 persoas viticultoras beneficiarias para reestruturar e/ou reconverter 237 hectáreas. Os principais beneficiarios son as persoas titulares das explotacións vitícolas, tanto as que xa as veñen xestionando como as futuras viticultoras, pero o seu alcance é maior, xa que beneficia en xeral todo o sector vitícola.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á distribución por provincias, a maioría dos expedientes aprobados son de solicitantes de Pontevedra e Ourense, con 76 cada unha; seguidas de Lugo, con 11, e finalmente A Coruña, con 9.

Estas axudas á reestruturación e reconversión de viñedos concédense para favorecer a replantación de viñedos, a reconversión varietal e a mellora das técnicas de xestión de viñedos. Por iso estas achegas favorecen a mellora da competitividade das explotacións vitícolas, facéndolas máis rendibles e potenciando un eido estratéxico dentro do sector agroalimentario galego.

Case 17 millóns de euros en sete anos

No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para estas axudas e aprobáronse un total de 1.083 expedientes para actuar nunha superficie de 1.518 hectáreas. En termos xerais, Pontevedra é a provincia máis beneficiada destas axudas, seguida moi de preto por Ourense.

Por outra banda, a media nestes últimos anos destas axudas é de máis de 2,4 millóns de euros, 217 hectáreas e 155 persoas beneficiarias por convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 350 EMPRESAS TURÍSTICAS OPTARON ÁS AXUDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN 2024

A Axencia de Turismo de Galicia destinou máis de 10 millóns de euros a esta liña de apoio á modernización e mellora da competitividade do sector turístico

O Consello da Xunta de Galicia avaliou este luns o informe da Axencia de Turismo de Galicia de concesión de subvencións dirixidas a sufragar actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas concedidas nas anualidades 2024 e 2025. A Xunta investiu un total de 10.148.812,62 euros, financiados con fondos europeos, nesta liña de axudas á cal se presentaron 358 empresas.

Do total das solicitudes presentadas, 292 xa están concedidas ou en fase de revisión de documentación e contestación de requirimentos. As tipoloxías máis subvencionadas nesta convocatoria foron as melloras de eficiencia enerxética da envolvente térmica (cambios de ventás, cubertas, illamentos de fachadas..) e as melloras de eficiencia enerxética por instalación de bombas de calor por aeroterapia.

Ata o momento, e segundo as tipoloxías, as axudas concedidas para a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica supuxeron un investimento de 2.487.449,66€, seguidas das de mellora dos sistemas de aerotermia con bombas de calor con 1.983.859,96 €. As actuacións de instalacións fotovoltaicas para o autoconsumo supuxeron un importe de 601.665,12 € e de renovación de electrodomésticos, un de 408.250,16 €.

Turismo de Galicia convocou esta liña de axudas o pasado ano co fin de facilitar que as empresas do sector puidesen acometer actuacións de eficiencia enerxética ou a renovación de electrodomésticos máis eficientes. Con respecto a convocatorias anteriores, a da pasada edición introduciu como novidade a posibilidade de que as empresas de restauración -non só as de aloxamento- tamén puidesen optar a elas.

Ademais sufragouse a rehabilitación enerxética de todo o edificio ou dunha parte (na anterior eran edificios completos), e non se pedía antigüidade mínima dos edificios para rehabilitar, sen demandar tampouco unha exixencia mínima de aforro enerxético, entre outras condicións.

Como norma xeral, a intensidade da axuda foi de ata un 70 % do custo total subvencionable do proxecto, aínda que puido chegar ao 80 % ou 90 % no caso de que se acreditaran aforros de enerxía primaria non renovable dun 20 ou 30 %. Con esta convocatoria, a Xunta de Galicia pretendeu a modernización e mellora da competitividade do sector turístico galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS OFRECERÁN POR PRIMEIRA VEZ ESTE VERÁN MÁIS DE 9.000 PRAZAS EN CAMPAMENTOS GRATUÍTOS

- O Consello aproba Dixicamp, un novo programa centrado na mellora das competencias dixitais do alumnado, con especial atención ao de contornas vulnerables
- O presidente da Xunta explicou que as estadías, en quendas dunha semana, “serán totalmente de balde para as familias”, e os estudantes estarán baixo a supervisión de profesionais especializados
- Indica que se destinarán “máis de 2 M€ a esta nova iniciativa, que se desenvolverá nas vacacións escolares”, entre o 23 de xuño e o 5 de setembro
- O obxectivo desta medida, enmarcada na Estratexia de educación dixital 2030, é que perfeccionen as súas destrezas ao tempo que se facilita a conciliación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación no Consello da Xunta dunha iniciativa en materia de formación e conciliación grazas á cal este verán “os centros educativos ofrecerán por primeira vez campamentos gratuítos de balde para as familias”. Trátase do novo programa Dixicamp, que contará con máis de 9.000 prazas gratuítas e cuxa temática se centrará na mellora das competencias dixitais do alumnado. Para levar a cabo esta medida “investiranse máis de 2 M€”, indicou.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional deu conta deste programa, dirixido ao alumnado de entre 9 e 17 anos, para estadías en quendas dunha semana de duración que, tal e como apuntou Rueda, “terán lugar desde o 23 de xuño ata o 5 de setembro, é dicir, coincidindo co período de vacacións escolares”, cando os centros abrirán para acoller esta iniciativa.

Estes campamentos estarán “atendidos por profesionais especializados en competencias dixitais” contratados especificamente, xa que o obxectivo é reforzar os coñecementos do alumnado nese ámbito e, deste xeito, “contribuír a atallar a fenda dixital”, en cumprimento do mandato da Unión Europea ao respecto. Paralelamente, configúrase como unha medida de apoio á conciliación das familias na época estival, unha vez que remata o período lectivo.

Destinatarios, itinerarios e solicitudes

Así pois, a través dunha convocatoria pública, a Consellería de Educación porá a disposición dos centros educativos “un total de 9.330 prazas nestes campamentos”, con especial atención ao alumnado de contornas vulnerables por cuestións de índole socioeconómica, por ter unha discapacidade ou por residir en zonas con baixa conexión, entre outras.

Serán os propios centros educativos os que solicitarán participar nesta iniciativa a través dunha convocatoria que a Consellería dará a coñecer nas vindeiras semanas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Haberá dous itinerarios formativos: un de competencias básicas, dirixido a alumnos de entre 9 e 13 anos de idade; e outro de competencias avanzadas, para alumnos de entre 14 e 17 anos, organizados en grupos de entre 15 e 25 alumnos. "O alumnado que supere o curso poderá certificar 30 horas de formación", explicou Alfonso Rueda. Para o desenvolvemento das actividades, os rapaces e rapazas contarán con materiais dixitais específicos e metodoloxías activas.

Formar cidadáns do século XXI

Este programa, financiado con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, súmase ao conxunto de iniciativas impulsadas pola Consellería de Educación para reforzar a competencia dixital do alumnado galego de acordo coa Estratexia de educación dixital 2030, enfocada a xerar un ecosistema dixital nos centros educativos e formar tanto ao profesorado como ao alumnado nestas novas competencias e tecnoloxías.

Non en balde, xa están asentadas unha serie de iniciativas e programas en materia de innovación educativa no ámbito da educación dixital co fin de que o alumnado mellore as súas competencias dixitais e tecnolóxicas como son os programas de polos creativos, clubs de ciencia, Stembach, DixitalWeek, SpringWeek ou a Biblioteca creativa.

Nesta liña, Rueda recordou que Galicia "foi pioneira na posta en marcha dun proxecto para acreditar competencias dixitais", a través do cal xa se levan emitido máis de 40.000 acreditacións para estudantes de ESO, bacharelato, FP e ensinanzas profesionais, e case 33.000 para docentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE GALICIA LIDERA POR SEGUNDO ANO CONSECUTIVO A TAXA DE ESCOLARIZACIÓN 0-3 ANOS AO ACADAR O 60,5 %

- Salienta que esta porcentaxe sitúa Galicia “trece puntos por riba da media nacional” e son tamén “trece puntos máis que antes da implantación da gratuidade”
- Subliña que a comunidade tamén está “entre as rexións europeas” con maior taxa de escolarización nestas idades
- A Comunidade cumpre sobradamente o obxectivo da Unión Europea de chegar no ano 2030 ao 45 % de matriculación no primeiro ciclo de educación infantil

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que Galicia é, por segundo ano consecutivo, “a comunidade con maior taxa de matriculación entre 0 e 3 anos”, cun 60,5%, segundo os datos de escolaridade do curso 2023/24 do Ministerio de Educación. Deste xeito recóllese nun informe da Consellería de Política Social e Igualdade que hoxe abordou o Consello da Xunta e no que se constata que este liderado evidencia o impacto positivo do programa da gratuidade nas escolas infantís.

Tal e como explicou o presidente, a taxa do 60,5 % sitúa Galicia “trece puntos por riba da media nacional” e tamén supón “trece puntos máis que antes da implantación da gratuidade”, que se comezou a desenvolver no curso 2019/20.

Así mesmo, Galicia cumpre sobradamente o obxectivo da Unión Europea de acadar o 45 % de escolarización no 2030. Polo tanto, seis anos antes de chegar a esa data, a comunidade galega xa supera en máis de 15 puntos este obxectivo. Rueda resaltou que “Galicia se sitúa entre as rexións europeas” con maior taxa de matriculación nesta franxa de idade, cuns niveis de escolarización equiparables aos países con maiores índices de benestar do mundo. Así, segundo o último informe da OCDE Panorama da Educación, o país europeo coa maior taxa 0-3 no 2022 era Noruega cun 58,9 %, por debaixo da que actualmente ten Galicia.

As familias escollen o centro que prefiren

O informe exposto hoxe en Consello sinala ademais que os primeiros meses do curso 2024/25 transcorreron con normalidade e sen incidencias significativas. Este curso ofértanse ás familias galegas máis de 32.000 prazas coa atención educativa gratuíta en todas as escolas infantís de Galicia: as públicas, as de iniciativa social e as privadas. Isto permítelle ás familias escoller a escola que prefiran e aforrar unha media de 3.000 euros cada curso.

Rueda lembrou que o Goberno galego destina “máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade neste curso escolar”, o que permite que por terceiro ano consecutivo “as familias galegas non paguen nada pola atención educativa dos seus fillos”. Trátase dun investimento que a Xunta asume en solitario porque, a día de hoxe, o Goberno central segue sen colaborar coa gratuidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ PERMITIU DIAGNOSTICAR 2.618 CANCROS COLORRECTAIS, MÁIS DO 65 % NA FASE INICIAL

- O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe de resultados do Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal no período comprendido entre 2013 e 2023
- Galicia é pioneira e adiantouse cinco anos ao obxectivo fixado polo Ministerio de Sanidade, que propoñía rematar a extensión do programa no ano 2024
- Desde o inicio do programa, a Xunta enviou 2.331.114 invitacións para participar
- Rexístrase unha tendencia ascendente na participación, que en 2023 superou o 54 % grazas ao envío directo dos tests ao domicilio
- Realizáronselles colonoscopias a 56.641 persoas e detectándose 23.100 lesións precancerosas
- Os cancros de intervalo, que son aqueles que se dan entre dúas citas de cribado, foron mínimos, grazas á alta sensibilidade do programa
- O programa está cumprindo cos obxectivos marcados, tanto a nivel nacional como europeo, e incorpora actividades de seguimento, o que ofrece un valor engadido

O Programa galego de detección precoz de cancro colorrectal, posto en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2013, diagnosticou, ata decembro de 2023, un total de 2.618 cancros, dos que o 65 % estaba en fase inicial, mellorando as posibilidades de tratamento e supervivencia dos pacientes.

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe da Consellería de Sanidade sobre os resultados do Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal no período 2013-2023.

O programa iniciouse na área de Ferrol no ano 2013 e na actualidade está implantado en toda Galicia. En xullo do ano 2019 completouse unha rolda de cribado en todas as áreas sanitarias, co que a Xunta foi pioneira e adiantouse cinco anos ao obxectivo fixado polo Ministerio de Sanidade, que propoñía rematar a súa extensión no ano 2024.

Desde o inicio deste programa, que desenvolve a Dirección Xeral de Saúde Pública, o Goberno galego enviou 2.331.114 invitacións a participar, o que supón preto dun 99 % de homes e mulleres de 50 a 69 anos.

O informe constata que nos últimos anos existe unha tendencia ascendente na participación, de xeito que no 2023 superou o 54 % derivada, en parte, polo cambio de estratexia do programa, que pasou no 2022 a enviar directamente os tests aos domicilios. Cómpre incidir, tamén, que a participación no programa galego é superior á media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As mulleres lideran a participación, cunha taxa do 56 %, fronte ao 44 % dos homes. Existen diferenzas na taxa de positividade global, máis alta nos homes, 7,14 %, fronte ao 4,54 % en mulleres.

Respecto da participación por rolda de cribado, obsérvase que aquelas persoas que xa participaron algunha vez volven facelo en preto do 90 % dos casos.

Desde o inicio do programa e ata decembro de 2023 realizáronselles colonoscopias a 56.641 persoas e detectáronse 23.100 persoas con lesións que requiren vixilancia con colonoscopia, o que supón unha taxa de detección de lesións a seguimento do 21,6 % por cada mil persoas.

Os cancros de intervalo, que son aqueles que se dan entre dúas citas de cribado, foron mínimos, grazas á alta sensibilidade do programa.

Todos estes datos reflicten que o programa galego está cumprindo cos obxectivos marcados, tanto a nivel nacional como europeo. Como valor engadido, o programa incorpora as actividades de seguimento mediante colonoscopia de todas as persoas ás que se lles detecta un risco alto ou intermedio de padecer un cancro colorrectal.

Incidencia

O cancro colorrectal é o tumor máis frecuente en Galicia e o segundo en mortalidade. Cunha taxa de incidencia de 90,4 casos por 100.000 homes e 74,2 por 100.000 mulleres en 2022, este tipo de cancro supón un dos maiores desafíos de saúde pública. En concreto, máis de 1.100 falecementos anuais por cancro colorrectal en Galicia.

A maioría dos casos diagnóstícanse en estadios avanzados, o que limita as opcións de tratamento. Esta realidade subliña a necesidade de programas de detección precoz como o implantado pola Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Sinalar, así mesmo, que a incidencia do cancro colorrectal aumenta significativamente a partir dos 55 anos. Segundo os datos do Rexistro Galego de Tumores, este grupo de idade concentra a maior parte dos novos diagnósticos.

Operativo

A invitación a participar á poboación diana (homes e mulleres de 50 a 69 anos residentes en Galicia) realízase a través dun sms. Ademais, envíase o material necesario para a toma de mostras das feces, xunto cun folleto explicativo. A mostra pode depositarse en calquera centro de saúde da área de residencia das persoas, desde onde se envía ao laboratorio de referencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Se non se atopan restos de sangue nas feces, a proba considérase normal e en dous anos envíase de novo un kit para a nova recollida da mostra. A persoa participante entraría na súa segunda rolda de participación.

Na actualidade, esta información envíase a través dunha mensaxe de texto ao teléfono móbil das persoas subscritas a este tipo de comunicación co Servizo Galego de Saúde e, ademais, atópase dispoñible na plataforma É-saúde.

Por outra parte, as persoas nas que se detectan indicios de sangue oculto nas feces son citadas na consulta de atención primaria para explicarlles o significado deste resultado e a necesidade de realizar unha colonoscopia. Posteriormente, no hospital de referencia realízaselles unha colonoscopia de cribado, a cal ten carácter de diagnóstico e tamén terapéutico, xa que se trata de visualizar e extirpar todas as lesións detectadas.

Unha vez realizada a colonoscopia e extirpadas, se é o caso, as lesións suxestivas de malignidade, o programa realiza unha avaliación individual do risco en función do resultado da anatomía patolóxica e establécese o seguimento adecuado. Este resultado da avaliación comunícaselle por carta á persoa interesada.

No caso de que se detecte cancro nalgún pólipo ou biopsia, o programa xestiona directamente unha cita no servizo de dixestivo ou en cirurxía. As persoas que precisan un seguimento mediante colonoscopia continúan no programa ata os 75 anos, de xeito que pasan a formar parte da actividade rutineira do programa de cribado.

Este programa implica a actuación coordinada dos servizos de atención primaria, de atención hospitalaria e da Dirección Xeral de Saúde Pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 8 M€ ÁS UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS PARA ATENDER AS NECESIDADES DE TALENTO DO TECIDO PRODUTIVO E CUALIFICAR 2.500 PERSOAS DESEMPREGADAS

- A iniciativa, analizada hoxe no Consello da Xunta, permite desenvolver accións formativas flexibles e á demanda das necesidades e previsións de crecemento dos sectores, promovendo as oportunidades laborais das persoas sen traballo
- Por primeira vez, poderán solicitar estas achegas as asociacións empresariais, o que contribúe a seguir adaptando a capacitación profesional dos galegos e galegas en situación de desemprego aos requisitos reais do tecido produtivo
- A convocatoria establece o compromiso de contratar entre o 40 % e o 60 % do alumnado participante nas accións formativas, posibilitando así crear postos de traballo especializados e avanzando na cobertura das vacantes das empresas
- Ao abeiro da orde, á que se levan orzamentos de 19 M€ desde 2023, empresas de sectores estratéxicos como o naval, a automoción ou o agro alimentario xa puideron solicitar e impartir as súas propias formacións, contratando deste xeito persoal cualificado
- A medida súmase a outras coas que o Goberno autonómico seguirá impulsando en Galicia para o financiamento de accións formativas á carta das empresas e sectores, e promovendo a contratación de persoas desempregadas, como o Galicia Emprega

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a convocatoria para o financiamento de unidades formativas en empresas para 2025, unha medida dotada este ano con 8 millóns de euros coa que se prevé cualificar máis de 2.500 persoas desempregadas a través da realización dunhas 200 accións formativas demandadas polo propio tecido produtivo e co compromiso de contratación de entre o 40 % e 60 % do alumnado participante.

A iniciativa permite, deste xeito, levar ás empresas formacións flexibles e á demanda das súas necesidades reais e das súas perspectivas de crecemento, promovendo en paralelo novas oportunidades laborais para as persoas sen traballo. Ademais, con esta liña de apoios, o Goberno autonómico –no marco das súas competencias nas políticas activas de emprego– avanza en dar resposta a retos clave do mercado como a cobertura de vacantes, o impulso da competitividade das empresas e a creación de postos de traballo especializados e sustentables.

Así, unha das principais novidades desta edición é que tamén poderán solicitar as axudas as asociacións empresariais ou sectoriais, como os clústeres, o que contribuirá a seguir adaptando a capacitación profesional dos galegos e galegas en situación de desemprego aos perfís profesionais que exigen as diferentes contornas e sectores.

Estes apoios complementan outras medidas impulsadas pola Xunta en Galicia para casar a oferta formativa aos postos de traballo que precisan cubrir as empresas, seguindo as directrices da UE para recualificar e reter talento. Este esforzo no mercado laboral interno –que se completa co plan de atracción de talento–, pon o foco en tres

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eixos: a recapitación das persoas traballadoras ocupadas –é o caso dos bonos Talento Empresa ou da orde pioneira de 4 M€ lanzada en 2024 que se reeditarán este ano para permitirlles ás empresas solicitar formación á demanda–, a mellora da empregabilidade das persoas sen traballo –a través da oferta formativa nas familias profesionais máis demandadas, entre outras medidas– e a atención ás necesidades específicas de cada sector, como os convenios con nove clústeres estratéxicos, que beneficiarán este ano 17.000 persoas.

A convocatoria de achegas analizada hoxe, que se publicará este venres no *Diario Oficial de Galicia*, vai xa pola súa terceira edición, sumando en total máis de 19 M€ orzamentados desde 2023. Ao seu abeiro, empresas de sectores chave como o naval, a automoción, as enerxías renovables ou o agro alimentario xa puideron solicitar e impartir as súas propias cualificacións e contratar unha porcentaxe do persoal formado nelas para cubrir os postos que precisan nas súas respectivas actividades e liñas produtivas.

Detalles da convocatoria

Poden optar ás unidades formativas con compromiso de contratación empresas –soas ou agrupadas temporalmente–, entidades e titulares de centros inscritos para impartir formación profesional para o emprego na Comunidade e, por vez primeira –como xa se mencionou–, entidades sen ánimo de lucro, como asociacións empresariais. Para accederen a estas accións, as alumnas e os alumnos deberán estar rexistrados como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia e non estaren ocupados na data de inicio dos cursos. Poden obviar este trámite as persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, tamén potenciais beneficiarias da cualificación.

Ao respecto das formacións –que executan as propias empresas–, estas realizaranse en formato presencial e poden ter lugar nas súas propias instalacións ou en entidades de formación homologadas. As temáticas deben estar incluídas no Catálogo de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal. Non obstante –co gallo de permitir unha maior flexibilidade–, no momento da solicitude, as empresas tamén poderán requirir outros itinerarios, presentando a súa proposta de alta.

Canto ao compromiso de contratación, será dun mínimo do 60 % do alumnado aprobado e/ou formado no caso de contratos cunha duración de polo menos 6 meses, ou dun 40 % se é por un período igual ou superior aos 12 meses. A contía das achegas calcularase en función do custo da formación da especialidade impartida, da duración e do número de participantes. Cómpre sinalar que a orde, aplicando o réxime de concorrencia non competitiva, axiliza o proceso de concesión de subvencións, favorecendo que as empresas accedan á formación e cobertura dos postos de traballo de xeito inmediato.

Formación flexible e impulso da empregabilidade

A convocatoria de unidades formativas enmárcase na aposta do Goberno galego por unha formación flexible acorde ás necesidades do tecido empresarial –ao tempo que se contribúe a xerar emprego de calidade–, un eido que conta en 2025 cun orzamento global de 72 M€. Precisamente co obxectivo de reforzar accións coma esta, financiadas con recursos do Estado, a Xunta reclámalle ao Goberno central unha maior flexibilidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na repartición e execución dos fondos para as políticas de formación, tendo en conta as circunstancias e particularidades de cada rexión. En paralelo, tamén se seguirá dando pulo á inserción laboral das persoas desempregadas. Entre estes apoios destaca o programa Galicia Emprega, dotado con case 20 M€ e que este ano impulsará a contratación de 1.700 persoas pertencentes a colectivos prioritarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INTENSIFICA O APOIO Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DOTADA NO 2025 CON CASE 2,3 M€ PARA A FORMACIÓN E O ASESORAMENTO

- O Consello analizou hoxe un informe sobre estas achegas destinadas ao fomento da prevención de riscos laborais e a actividades neste eido, que este ano se unifican nunha mesma orde para avanzar na simplificación administrativa
- Este programa está dirixido ás organizacións empresariais e sindicais, sectoriais e intersectoriais, fundacións sectoriais e ás asociacións de autónomos, e estímase que del se poidan beneficiar unhas 55 entidades
- Algúns exemplos de actuacións financiadas con estes apoios son cursos básicos transversais de prevención de riscos laborais ou outros sectoriais relacionados coa seguridade e saúde en actividades como a hostalería e a construción, entre outros
- Priorizarase, entre outros, o apoio á formación para a poboación traballadora de máis de 55 anos ou a cualificación en prevención de riscos nas novas formas de organización do traballo e en sectores laborais feminizados
- Estas axudas enmárcanse no compromiso do Goberno galego coa prevención de riscos para garantir a seguridade e a saúde laboral, un eido no que destaca o labor do Isga, que este ano sobe o seu orzamento un 3%

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria deste ano das axudas destinadas ao fomento da prevención de riscos laborais e a actividades neste eido cun orzamento de case 2,3 millóns de euros e que publicará en vindeiros días o *Diario Oficial de Galicia*. Como novidade, este ano unifícanse ambas as liñas de axudas nunha mesma convocatoria, avanzando así na simplificación administrativa.

O programa de achegas está dirixido ás organizacións empresariais e sindicais galegas, sectoriais e intersectoriais, así como ás fundacións sectoriais paritarias para a promoción da prevención da seguridade e saúde laboral e ás asociacións de autónomos, e estímase que se poidan beneficiar desta convocatoria unhas 55 entidades.

Das dúas liñas de axudas que contén a iniciativa, a primeira está destinada a financiar accións de formación e asesoramento en materia de prevención de riscos laborais de carácter intersectorial e sectorial e está dotada con máis de 1,6 M€.

As actividades de carácter intersectorial son as realizadas esencialmente polos gabinetes técnicos de Seguridade e Saúde Laboral das entidades solicitantes e algúns exemplos de actuacións que se teñen apoiado son cursos básicos transversais de prevención de riscos laborais ou de protección da saúde para a mellora das condicións de traballo e adaptacións de postos.

En canto ás accións de carácter sectorial, van en función dos distintos sectores solicitantes e financiáronse cursos como os de prevención de riscos ergonómicos para cociñeiros no ámbito da hostalería e no da construción, a formación de coordinador/a en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

materia de seguridade e saúde nas obras. Outro exemplo de cursos que se apoian é o de operador ou de manexo seguro de carretillas elevadoras ou de plataformas elevadoras.

A segunda liña de achegas promoverá actividades preventivas tamén de carácter intersectorial ou sectorial, entre elas, xornadas técnicas de prevención de riscos laborais, seminarios, estudos e traballos técnicos e publicacións, para iso conta con máis de 655.100 euros.

Detalles da convocatoria

A Xunta outorgará na resolución da convocatoria unha maior puntuación ás entidades atendendo a criterios de paridade nos seus cadros de persoal ou de estabilidade no emprego. Priorizarase a formación en poboación traballadora de máis de 55 anos ou a cualificación en prevención de riscos nas novas formas de organización do traballo e en sectores laborais feminizados. Os requisitos específicos e os prazos de solicitude das axudas poderán consultarse na orde que publicará en próximos días o *Diario Oficial de Galicia*.

Nos últimos catro anos, o Executivo galego destinou a estes apoios máis de 7 millóns de euros e enmárcanse no compromiso da Xunta coa prevención de riscos para garantir a seguridade e a saúde laboral. Neste eido, destaca o labor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, que este ano conta cun orzamento de case 8 M€, un 3 % máis que o ano anterior. Ademais, a comunidade galega conta coa Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: horizonte 2027, unha ferramenta transversal que atende tanto ás situacións de riscos tradicionais como ás novas realidades do mercado laboral, é froito da escoita activa e do diálogo social cos axentes implicados e desenvolve campañas de prevención e asesoramento técnico.